

O ROCK



Vouvos falar de música, concretamente do rock, que coas súas múltiples derivacións, podemos dicir que é o estilo que marca, sobre todo na segunda metade do s.XX. Está maioritariamente cantado en inglés, xa que naceu nos EE.UU e os principais grupos e tendencias proveñen de alí e do Reino Unido.

O rock and roll, naquela época, converteuse na música de referencia das novas xeracións e no medio ideal para expresar os problemas e proclamar as insatisfaccións. Os temas posuían e posúen unha forza tipicamente xuvenil.

Esta era unha música excitante e ruidosa que ademais tiña a virtude de molestar aos adultos. Tanto a música, a forma de cantar (con berros) como as letras, foron consideradas por amplos sectores sociais como algo inadecuado e indigno. Para acabar de complicar o panorama, o rock emparentouse dende moi cedo coa violencia ó relacionarse coa delincuencia xuvenil e co fenómeno das bandas de adolescentes que campaban por moitos barrios. Por exemplo, a velocidade e o sexo chegaron a ser a identificación deste xénero. A adicción ás drogas e ao alcohol, por necesidade ou por reflexo de certo tipo de

vida, é algo que tamén estivo asociado ao rock. As drogas son vistas como un medio que axuda a liberar o corpo e a alma das limitacións e represións, abrindo novas vías de percepción. Por iso, o berro de "sexo, drogas e rock and roll" é coreado masivamente como a consigna a seguir. Deste xeito, non é estraño atopar estupefacientes como a marihuana (especialmente no reggae), a cocaína, a morfina e a heroína en títulos de cancións.

Un "problema", que algún autor denominou como a "síndrome de Peter Pan"; o neno que non quería medrar, foi ao trátase dunha música xuvenil, a renovación de artistas e estilos que impedía, na maioría dos casos, a súa consolidación. Todo cambia moi rápido, ao mesmo tempo que conduce a unha falta de madurez preocupante. Existen citas célebres que afirmaban que ter máis de 20 anos xa era ser vello ou cando se proclamaba como desexable, morrer novo (feito que fixeron bastantes artistas) para deixar un fermoso cadáver.

A consolidación da música rock levou aparelhada a de novidosos fenómenos, como os grandes concertos en directo e o xurdimento dos ídolos e dos seus fans.

O nacemento do rock and roll e as súas tendencias

Poderíamos dicir que o intérprete que creou en gran medida o rock and roll e o converteu nun fenómeno de masas foi un rapaz branco de Memphis, como non, Elvis Presley! Cando se consolida como cantante, o que máis impacta del é a súa maneira de moverse, provocando un escándalo naquela época, transmitindo unha disimulada sensualidade que se

adaptaba perfectamente á música arrebatada e furiosa que interpretaba. Esta primeira música coñécese como rockabilly e é o resultado de mesturar o country e o blues.



Os artistas negros tamén participaron no desenvolvemento do rock. Un deles, Chuck Berry.

A continuación conságrase o beat británico cos Beatles que formaban un conxunto compacto, composto por dúas guitarras, un baixo e unha batería. Ademais do seu impresionante éxito comercial, o que máis caracterizou ós Beatles foi a súa sorprendente capacidade de innovación e de produción (máis de 200 temas). Destacaron polo seu estilo limpo, definido e propio.

The Kinks tamén destacou, aínda que era unha das bandas máis problemáticas debido ás conflitivas relacións entre os seus compoñentes. Outras bandas inspiráronse en parte na música negra como The Rolling Stones (nome sacado dunha canción de Muddy Waters, que testemuña a admiración polos ritmos negros) e no rhythm and blues norteamericano. Dende o inicio presentaron a "competencia" da imaxe dos Beatles, tanto na estética coma moralmente.

O movemento mod, caracterizado polo fenómeno xuvenil que coidaban moito o aspecto, vestían con elegancia, con chaquetas e admiraban o rhythm and blues. O grupo máis famoso, foi The Who: a súa maneira de ser, desafiante-



O ROCK

te, agresiva e arrogante cunha música enerxética e directa reflectíase nos concertos; nalgúns deles remataban incluso rompendo os instrumentos. O soul supón a continuación do rhythm and blues e do gospel, xunto con algunhas influencias do pop e do country. A diferenza do gospel, no soul non se interpretan temas relixiosos. É un estilo moito máis elegante dentro da música negra; contribuíu á reivindicación da cultura e da raza negra en contra da discriminación que esta aínda sufría. É unha música de solistas, non existen grupos nin grandes formacións. Un rei do soul é Ray Charles ou Otis Redding, James Brown foi o inventor do son "discoteca" e da música de baile, grazas ao seu magnífico sentido rítmico. Aretha Franklin, deu a voz feminina. Outro gran artista negro, Stevie Wonder que naceu cego e dende pequeno revelouose como un talento musical.

Na costa oeste, nas praias californianas, continuaba a desenvolverse un tipo de música que simbolizou á perfección o ideal de vida americana: música surf. Representaba a unha cultura xuvenil na que se cantaba á alegre vida adolescente, ao verán, ás praias, ao amor... Por exemplo, os Beach Boys, que baseaban a súa música nas voces.

Así, tamén aparece a aportación musical máis innovadora coa música folk. Con Bob Dylan nace o folk-rock, e outra parella célebre Simon and Garfunkel. Coa aparición do movemento hippy nos anos 60 e a música psicodélica destacan varios artistas, entre eles The Doors. Un cuarteto liderado polo cantante Jim Morrison, que ademais de cantar, compuña e tiña unhas grandes inquietudes intelectuais. Posuía unha personalidade conflitiva e o seu modo de actuar marcaba a imaxe da banda.

Renace o blues con Jimi Hendrix nos EE.UU chegando a alcanzar novos horizontes como o hard rock. Posuía unha técnica extraordinaria coa guitarra, instrumento que utilizaba como malabarista. A súa aportación máis novidosa foi adaptar a música branca ó rock negro. Outra intérprete destacada foi Janis Joplin; non tivo uns inicios doados nin unha vida agradable, pois tivo unha adolescencia marxinal e problemática cunha actitude provocativa relacionada co sexo, o alcohol e drogas. Destacaba pola súa expresividade, reforzada por unha voz propia, ideal para expresar a dor e infelicidade. Eric Clapton é o prototipo de guitarrista que fixo célebre a maneira de tocar a guitarra, precisa pero emotiva e lenta. Mentres tanto, consolidábase un novo tipo, o 'rock urbano liderado por músicos como Bruce Springsteen e Iggy Pop, este último destacado por ser moi dixerado e violento, metido de cheo nas drogas e intérprete reivindicado polo punks coñecido polo nome de 'Iguana'.

No glam rock, os intérpretes presentaban unha das estéticas máis rechamantes con roupas coloristas, plataformas, maquillaxes, etc. Un representante deste tipo foi David Bowie, coñecido como o 'camaleón. Elton John, intérprete do piano a quen o seu gusto polo rechamante e recargado e a súa homosexualidade marcan a súa carreira. Ou o mítico Queen que partindo do glam, creou un estilo inconfundible, formado por un rock duro pero fluído, con espectaculares xogos de voces. A imaxe do grupo descansaba sobre todo na personalidade de Freddy Mercury.

No rock progresivo, baseado en temas adultos e nunha música sinxela e sensible, emparentada con sons típicos dos setenta salientan

Supertramp, que toca unha música coidada con ritmos suaves, amables e de voces en falsete. Os Dire Straits, liderados con Mark Knopfler. Pink Floyd, unha banda británica que a pesares de non ser grandes instrumentistas, impactan debido a unha escenografía imaxinativa e unha música espectacular e potente. Ou ABBA, de orixe sueca, grazas ao seu estilo pop. A súa forma de cantar, cancións optimistas e bo uso de técnicas de gravación foron a base do éxito.

Ante o rock comercial e domesticado (música disco), virtuoso e elaborado, demasiado tecnificado ou recargado e superficial, sae en escena o movemento máis radical, que é o punk. Este estaba e está formado por rapaces novos enfadados pola vida sen saídas que lles tocou vivir e pola imposibilidade de introducirse dentro dos acomodados e profesionalizados campos das estrelas de rock. Os punks defenden con furia unha forma de tocar simple e moi directa, opoñéndose ao excesivo profesionalismo e aparatosidade da música. Cantan letras radicais e as cancións son breves, rápidas e lanzan mensaxes negativas contra a sociedade, a familia, a educación, o traballo, etc. Non buscan o éxito comercial, senón só tocar. Naquela época o grupo que protagonizou isto foron os Sex Pistols, ou The Clash. No punk británico foron os Ramones.

Tamén a década dos setenta é atravesada polo heavy metal. É unha música dura que define un estilo de vida orgulloso. Os concertos son coma cerimoniais onde cantan letras poderosas e reclaman a liberdade absoluta. As principais formacións chegaron con Led Zeppelin, liderado polo guitarrista J. Page. Deep Purple situado entre o rock sinfónico

O ROCK



e duro, coa famosa canción 'Smoke on the water'. Black Sabbath, creador do rock gótico. Kiss, célebres polas súas espectaculares montaxes e rechamantes maquillaxes; nas actuacións en directo utilizan lumes, explosión e sangue. AC/DC entre os pioneiros da música heavy, tamén serviron de ponte entre o rock duro dos setenta e a nova onda dos oitenta. Ou Iron Maiden, entre outros.

Nos setenta, o rock comeza a



abrirse a diferentes sons sobre a aportación de novas bases rítmicas e sensibilidades. O estilo que tivo máis fortuna foi o reggae, chegado dende Xamaica, que se espallou polo mundo grazas a Bob Marley. Era un músico mestizo que posuía unha voz dúctil que estaba arroupada por un fondo instrumental apegadizo e sensual, onde se difundía o reggae, o rock e o soul. Máis tarde, UB40 destacado polo

reggae con contido político. Santana, co acompañamento da súa guitarra seguramente o músico latino máis coñecido deste movemento.

A new wave norteamericana vén nas últimas décadas cun estilo entre a música rock e o pop, e a música negra como Michel Jackson. O seu estilo derivou a unha música funky, moi bailable.

Na música alternativa, entre os oitenta e noventa xorde en Seattle, o grunge. O grupo que lidera este estilo é Nirvana, que recolle influencias do punk e do hard rock. Foi unha banda de curta vida pero intensa, na que o seu líder, Kurt Cobain, representa claramente ao artista inadaptado e problemático na súa vida persoal e profesional dun modo dramático.

Rematando xa, varios grupos máis actuais destacaron pola súa faceta dentro de movementos no rock como os Red Hot Chili Peppers, enmarcados no funk rock máis oleado e rítmico.

Green Day que se marcaron un conxunto de melodías memorables e unhas guitarras cheas de ritmo desenfadado tocadas co básico conseguindo temas cheos de boas vibracións e humor. Offspring na cabeza do novo punk, incisivos, agresivos e metálicos no seu son con melodías fáciles e rápida asimilación. Os británicos The Darkness devolvéndolle ao rock todo o excitante e divertido sen renunciar á calidade musical, e recordando aos anos setenta e oitenta, tanto na forma de tocar como de vestir.

E, por suposto, non cabe esquecer grupos españois como Dover, que escolleron o inglés como idioma de expresión e un gran gusto polas guitarras ruidosas, conseguindo un son propio e independente. Baron Rojo, coa súa grande proxección no rock. Los Suaves, pasando de ser de unha banda maldita a unha das máis

queridas no noso país pola xuventude do rock español. Héroes del Silencio, con Enrique Bunbury de cabeza, que nos seus tempos tiveron un crecemento espectacular que os levou máis lonxe do que esperaban. Extremoduro, unha banda minoritaria, marxinal, que terminou conquistando ao público totalmente oposto ao seu carácter e forma de vida coa súa poesía ácida e desgarradores do rock transgresivo. Sociedad Alkoholika, impulsores dunha nova forma de facer o metal aquí, mais bruta e dura, ata ao extremo dun rock radical vasco no que medraron. Platero y tu, cuarteto vasco definido como moito rocanrol debido ao seu rock directo, básico, sinxelo e cheo de frescura, cuns grandes estribillos e historias inspiradas. Mago de Oz, coa súa gran fusión de heavy e elementos celtas e folk, foi unha das razóns polas que se consolidaron como unha das mellores bandas do país. Os "cabróns" conseguiron que a xente se puxera de pé e alzar o puño coa súa música.

Así, unha longa lista de grupos españois, entre tantos, Rosendo, Barricada, Boikot, Kaos Étílico, Fe de Ratas, Desidencia, Porretas, Ska-p, e un longo etc... demostran a gran paixón por este estilo de música e as súas variantes.

Con esta pequena e longa historia do rock (pido desculpas pola gran cantidade de grupos que non cheguei a nomear, debido a que son unha infinidade) simplemente quería amosar unha ampla visión da historia que este sufriu, dende os comezos ata agora e...vou rematando, que creo que xa vos aborrecín de abondo.

Lorena Varela – 1ºBac